

Planeta Lingua



I E S S O F Í A C A S A N O V A , F E R R O L

*Un ano máis, xa son dez, de Planeta Lingua,
a revista promovida polo Equipo de Normalización Lingüística.*

Número 10

Presentación

Agradecementos2

Ecoloxía e medio ambiente

O cambio climático ...3

Os Ancares4

ENTREVISTAS

María Yáñez7

Alejandro Rico8

Crónicas

Nova publicación de

Guillermo Llorca9

Percurso falado 2008
a Santo André de

Teixido9

Entroido200810

**Recanto literario**

LE12

Historias de medo ...12

Manuel Antonio e Luís
Pimentel13**Citas**

Cousas do diñeiro ...15

Cousas da historia ..15

Documentación

Crónicas de Babel ...16

Mandalas17

Enquisa

O ocio nos

adolescentes19

Artigos de opinión

O Tibet22

Os perigos da rede ..23

Comida duns,

combustible doutros.24

O Ferrol que

coñecemos25

Creación

Salvatore26

Knockin'on heaven's
door

Escuridade

O anhelante27


**Pasatempos**

Retos28

Humor

Última hora28

Día das Letras
17 de maio
GALEGAS



2008

XOSÉ MARÍA

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

PRESENTACIÓN

Durante o curso académico 2007-2008 asistimos á conmemoración de tres grandes acontecementos literarios:

- O centenario da interpretación, na Habana, do himno galego, con música de Pascual Veiga e letra de Eduardo Pondal (20/12/08).
- O centenario do pasamento de Curros Enríquez (17/03/08).
- A dedicación do Día das Letras Galegas ao escritor Xosé María Álvarez Blázquez (17/05/08).

Os poetas lembrados nestas efemérides constitúen un claro exemplo de escritores firmemente posicionados a prol da recuperación e normalización da lingua galega.

No himno galego, para Pondal, os galegos son *iñorantes / e féridos e duros / imbéciles e escuros* ou *bos e xenerosos*, segundo adopten, respectivamente, unha postura de desprezo ou orgullo pola súa lingua e pola recuperación dos seus propios sinais de identidade.

Máis adiante, anima as mulleres galegas a que aprendan a seus fillos a falar en galego e a que lles inculquen o orgullo pola súa lingua: *e, aló nos seus garridos / xustillos mal constreitos, / os doces e albos peitos / das fillas de Breogán // que á nobre prole ensinén / fortísimos acentos / non mólidos concertos / que a virxes só ben están.*

O grande poeta rexurdimentista Curros Enríquez, no poema social-patriótico “Introdución”, do libro *Aires da miña terra*, consciente de que un idioma non morre mentres teña falantes, asume o seu persoal e firme compromiso de falar galego e coa pervivencia do idioma, mesmo ata o momento da súa morte, cando, a través do eu poético, afirma: *Anunciarei o día do teu triunfo / por cidades e vilas e desertos, / e se por te anunciar me apedrearen, / inda ao morrer te mentarán meus beizos.*

Hai quen está disposto a renunciar á súa lingua en favor dunha máis extensa, defendendo, coherentemente, a idea do idioma universal. Curros entende este posicionamento, pero sempre e cando ese idioma universal polo que estea disposto a renunciar todo o mundo, sexa o galego: *Cando tódalas linguas o fin topen / que marca a todo o providente dedo, / e cos vellos idiomas extinguidos / sola unha fala universal formemos; // [...] // Ese idioma, compendio dos idiomas, / como unha serenata pracenteiro, / como unha noite de luar docísimo, / será –que outra se non?– será o galego.*

Home progresista e liberal, a súa ideoloxía galeguista enmarca as contribucións de Xosé María Álvarez Blázquez á historia, á arqueoloxía e á literatura galegas. Inspirado, tamén, polo seu fondo compromiso social, realiza traballos de investigación e divulgativos, estes últimos a través da fundación da Editorial Monterrey (1922) e as Edicións Castrelos (1964), que frutifican, respectivamente, co descubrimento de escritos en lingua galega dos Séculos Escuros e coa difusión masiva e conseguinte popularización da literatura galega.

O compromiso persoal a prol do normal desenvolvemento do idioma galego é, tamén, sen dúbida, o eixe vertebrador das colaboracións do alumnado e profesorado do instituto no número 10 da revista *Planeta Lingua*. Desde aquí, queremos expresar o noso agradecemento a Miguel Ríos Torres, promotor da creación da revista e da publicación dos nove primeiros números, ademais de coordinador do Equipo de Normalización Lingüística do centro durante sete anos. Herdeiros do seu ambicioso proxecto lingüístico, esta nova edición amosa producións sobre ecoloxía e medioambiente, literatura, entrevistas, crónicas, enquisas, documentación, citas, humor, artigos de opinión, creación persoal e pasatempos.

Agardamos que poidades disfrutar do traballo que presentamos, co seu contido e coa antiga, culta e universal lingua na que cantaron Luís Pimentel, Manuel Antonio, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Xosé María Álvarez Blázquez (en referencia aos autores mencionados nestas páxinas) e que tanto nos engrandece como pobo.

Laura Suárez Llano (coordinadora do ENL)

Redacción

INÉS AMADO GARCÍA
ANDREA MOSQUERA ALONSO
INÉS GARCÍA MISIEGO
ANA REGUEIRO OTERO
DANIEL CALVO DÍAZ
SARA SÁNCHEZ PITA
MARTÍN AMARELO GARCÍA
SAMUEL FERNÁNDEZ PAZ
FEDERICO PEDREIRA NORES
SHEILA AMADO IRAGO
HADRIÁN DÍAZ FABUENA
RITA CALVO SALGADO
ROBERTO VÁZQUEZ FERNÁNDEZ
CRISTINHA LÓPEZ JIMÉNEZ
ALEJANDRO RICO LODEIRO
MIGUEL DE NICOLÁS VÁZQUEZ
FELIPE VÁZQUEZ FERNÁNDEZ
Mª XOSEFA CASTRO LÓPEZ
LAURA SUÁREZ LLANO
PERY HODICO
EVA Mª DEL BUEY GÓMEZ

Edición

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
DO IES SOFÍA CASANOVA, FERROL

Montaxe

XOÁN RODRÍGUEZ SILVAR

Coordinación

LAURA SUÁREZ LLANO

Centro

IES Sofía Casanova
Rúa O Galego Soto s/n
15403 Ferrol
T 981 311 500 F 981 313 146
ies.sofia.casanova@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iessofiacasanova>

MEDIO AMBIENTE

O cambio climático dende dous puntos de vista



Pequena introdución e contexto

Chámase **cambio climático** á variación global do clima da Terra. Tales cambios prodúcense a moi diversas escalas de tempo e sobre tódolos parámetros climáticos: temperatura, precipitacións, nubosidade, etcétera. Son debidos a causas naturais e, nos últimos séculos, tamén á acción do home no medio ambiente.

O cambio climático actual: combustibles fósiles e queuntamento global

A finais do século XVII, o home empezou a utilizar combustibles fósiles que a Terra acumulara no subsolo durante a súa historia xeolóxica. A queima de petróleo e gas natural causou un aumento do CO₂ na atmosfera, que produce o conseguente aumento da temperatura. Estímase que dende que o home mide a temperatura, hai uns 150 anos (sempre dentro da época industrial), esta aumentou 0,5°C, e prevese un aumento de 1°C no 2020 e de 2°C no 2050.

A principios do século XXI, o queuntamento global parece irrefutable, a pesar de que as estacións meteorolóxicas nas grandes cidades pasaron de estar na periferia da cidade ó centro desta, e o efecto de illa urbana tamén influíu no aumento observado. Os últimos anos do século XX caracterizáronse por posuír temperaturas medias, que son sempre as máis altas do século.

Planificación de futuro

Tal vez o mecanismo de compensación do CO₂ funcione. Nun prazo de centos de anos, talvez o Sol entrará nun novo mínimo; nun prazo de miles de anos, talvez nos salve a próxima glaciación.

No Cretácico, sen intervención humana, o CO₂ era máis elevado ca agora e a Terra estaba 8°C máis cálida. A pesar

diso, o home ten que adquirir conciencia ecolóxica e diminuír as emisións de CO₂, impedir a destrución da capa de ozono e non defostrar en exceso.

Tirando opinións e conclusións: sen extremismos

Debe ser cousa miña, mais eu creo que todo o mundo anda co mesmo: que se a terra está a queentarse, que se o nivel do mar se incrementou uns milímetros, que se os invernos non son tan frieiros e longos...Vale, pode que en parte todo isto estea a ocorrer de verdade e que sexa tamén en parte culpa do home, mais hai que ter en conta que xa ten ocorrido moitas outras veces ao longo da vida do planeta antes de que houbera presenza humana no mesmo. Con iso, e volvendo un pouco a defender a postura "radical", non estou exculpando ao home: pódense compaxinar perfectamente os avances tecnolóxicos cunha enerxía limpa e sostible. E ocorrerá. Mais ocorrerá cando as grandes empresas enerxéticas o desexen, xa que nas súas mans están os intereses; falando en cristián, nas súas mans está o explotar ao máximo os recursos esgotables e o iren substituíndo a estes polas enerxías renovables, sempre sen perder nin un carto. Por iso non hai que preocuparse, pois acabará ocorrendo, máis ben hai que preocuparse por cando, xa que podería ser demasiado tarde. Porén, debemos procurar que sexa canto antes para que a Terra sufra o menos posible (aínda que xa o está a sufrir) e debemos facer todo canto estea na nosa man.

Por outra parte, en caso de que ocorrese, e mirando o vaso medio cheo, tampouco sería tan negativo pois, tarde ou cedo, acabaría por ocorrer. É o ciclo da natureza. Como ben se sabe (ou debería saberse), ao longo da vida da terra fóronse alternando períodos de queuntamento e arrefriamento, polo que tampouco sería estraño que agora se produxese un de queuntamento. Outra posibilidade sería un arrefriamento xeneralizado do clima, xa que, co inicial queuntamento, a illa de Grenlanda derreteríase, cambiando así a dirección actual das

correntes e sumindo inicialmente a Europa nun período glaciario, afectando posteriormente a todo o planeta.

Na miña opinión, na actualidade existen principalmente dúas opinións extremistas maioritarias e ben diferenciadas sobre este asunto: a opinión "radicalista", que denuncia o maltrato e as aberracións sufridas polo planeta, e a "conservadora" ou "tradicionalista", que nega as evidencias. Eu, como outro grupo tamén importante, atoparíame entre as dúas, esperando a que xente se conciencie e comece a reaccionar e a que asuma as consecuencias e se adapte ao novo modelo climático.

Martín Amarelo García (4ºA- ESO)



O cambio climático

Na miña opinión, penso que habería que poñer unha solución para o queuntamento da terra.

A xente quéixase e vólvese queixar, pero non fai nada por amañalo. Penso que non é só obriga dos políticos buscar unha solución a isto. A xente debería reciclar, desprazarse na bicicleta en vez dos vehículos a motor, aforrar auga...

A Terra estase a facer vella porque os seres humanos non a coidamos o suficiente, e agora o único que se pode facer é frear este proceso que pronto fará que non haxa invernos fríos coma os de antes nin veráns quentes coma os de antano.

Tamén hai que pensar na cantidade de animalíños do polo norte e sur que quedarán sen fogar cando os polos se derretan e quede todo sen xeo. Estes animais non terán onde vivir e tampouco haberá comida en ningures. Queiramos ou non, morrerán, e moitas especies que só habitaban nos polos rematarán por extinguírense. Afectará ademais aos demais animais do planeta, que non poderán soportar temperaturas diferentes nos seus hábitats.

En resumo, hai que atopar unha solución inmediatamente, e todos podemos facer un pouco por rematar con isto.

Inés Amarelo García (1ºA- ESO)





Os Ancares

As montañas orientais de Lugo



A Serra dos Ancares, situada ó leste da provincia de Lugo, na fronteira con León, é un dos espazos naturais máis fermosos e abondosos en fauna e flora de Galicia.

Declarado Lugar de Importancia Comunitaria polo proxecto "Rede Natura 2000", promovido pola UE, é tamén unha Zona de Protección do Oso Pardo e unha Reserva Nacional de Caza. Comprende os concellos de Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

Esta serra atópase formada por pequenos vales, na súa maioría a 250 m de altitude, situados entre montañas, moi erosionadas, de ata 2000 m. Por entre elas discorre o río Navia, ó que acompañan unha grande cantidade de afluentes e mananciais. A súa vertente leonesa desauga no río Sil.

A súa vexetación é escalonada; predomina o monte baixo de breixo, un arbusto de madeira moi dura e de folla perenne que florece no verán, de cor rosada, tamén chamado uz ou queiroa; toxos, silvas, xestas, piornos, xenebreiro ras-



treiro, as chamadas uvas de gato e os fentos. Nas árbores resaltan as carbas, os rebolos, os freixos, os pradairos, as arandeiras, as abeleiras, os salgueiros, as aciñeiras, as sobreiras, típicas do clima mediterráneo que se mestura co atlántico nesta zona; as cerdeiras bravas, os capudres, os bidueiros, os teixos e algún mostallo. Tamén son moi abundantes as carballeiras, xa escasas en Galicia, ou os soutos, grandes bosques de castiñeiros. Unha especie a destacar é o acivro ou xardón, unha árbore de codia lisa e grisácea e de folla perenne, cos bordos das follas ateigados de pequenos pinchos, que serven de defensa contra os cervos e outros herbívoros. Esta planta florece no mes de maio e produce uns rechamantes froitos vermellos.

Outra árbore que dá cor á paisaxe é o bidueiro, que posúe unha codia branca e lisa. Alcanza entre quince e vinte metros de altura, e ten unha vida curta, de sesenta a cen anos. É de folla caduca, e xa nos comezos do outono enche o chan de pequenas follas amarelas con forma de corazón. Ademais, esta árbore medra con rapidez, e emprégase moito na repoboación de fragas.

Respecto das flores, as máis notables son o lirio bravo, o narciso, a chorima (flor do toxo)...



A vexetación dos Ancares foi moi aproveitada polos seus habitantes ó longo dos séculos: a madeira de carballo e a de castiñeiro son resistentes e emprégáronse durante moito tempo para ferramentas ou leña e do bidueiro fábrícase un papel fino, por non falar das numerosas variedades de froitos que produce o bosque: castañas, landras, abelás... e das plantas medicinais, como a xenzá, que sufriron unha intensa colleita durante moito tempo e teñen múltiples aplicacións, pese a que a maioría delas áchanse protexidas polas leis de conservación da natureza.

Pero, sen ningunha dúbida, as árbores máis coñecidas desta rexión son o carballo, considerado como a árbore típica de Galicia, e o castiñeiro.

Os carballos predominan nas abas orientais da serra, onde forman grandes bosques nos que aparecen tamén outras árbores como as faias, os ameneiros ou os salgueiros.

O carballo é unha árbore resistente, de madeira dura, que pode acadar os 35 metros de altura e chega a vivir mil anos nalgúns lugares, aínda que nos Ancares non acostuma alcanzar ese nivel. O seu froito é a landra, que foi moi empregada para a alimentación do gando porcino. É unha árbore moi útil, xa que a súa madeira, pola súa dureza e resistencia, ten moitos usos, entre eles a fabricación de embarcacións nas zonas






costeiras, e posúe substancias empregadas no curtido das peles. O castiñeiro acada os trinta metros e pode vivir entre cincocentos e mil cincocentos anos. Ten a codia lisa e de cor agrisada. É famoso polo seu froito, a castaña, que madura no outono e cae, a maioría das veces aínda dentro do ourizo. A miúdo forma grandes bosques, chamados soutos.

Tamén está moi presente na flora destas terras o piñeiro silvestre, que, pola súa rapidez en medrar e a súa resistencia, foi moi empregado nas tarefas de repoboación; ou o teixo, as abelleiras e o coñecido capudre, cos seus característicos froitos vermellos. Esta variedade de vexetación imprime cor ós montes e bosques, especialmente no outono, cando as distintas tonalidades das follas caídas fan moi pintoresco o chan e a paisaxe adquire os máis diversos matices; ou na primavera, cando as sementes agroman e comezan a florecer as árbores.



A zona dos Ancares garda tamén importantes restos arqueolóxicos, na súa maioría prerromanos ou megalíticos. Na zona de Navia de Suarna atópanse non menos de vintecinco castros, catro campos de mámoas (antigos túmulos), vinte covas relacionadas coa minaría romana e varios poboados temporais. Así mesmo, cómpre sinalalo castelo de Doiras, o museo etnográfico e castro de San Román de Cervantes e as numerosas pallozas que se poden atopar, moitas delas transformadas en museos e que aínda conservan mobiliario e teito.



Os Ancares posúen tamén unha grande beleza paisaxística. Pódese gozar de boas vistas no pico Tres Bispos (1.795 m) e no Mustallar (1935 m).

Tan importante como a flora dos Ancares é a súa fauna. Atópase nesta serra unha gran variedade de especies, moitas delas desaparecidas ou en perigo de extinción no resto de Galicia. Destaca a gran cantidade de aves, tanto de rapina coma nocturnas ou insectívoras, e a presenza de mamíferos moi escasos, como as lontras, o xabarín, o lobo ou o oso pardo, que conta cunha zona de protección.



O tordo é un dos paxaros que habitan nesta zona. De pequeno tamaño, apenas vinte e un centímetros, aliméntase de caracois, miñocas, froitos e insectos, polo que é frecuente atopar cunchas de caracol baleiras enriba dalgunhas laxes. Outros paxaros moi abundantes son: o ferreiro abelleiro, os ferreiriños bacachís, cristados, subeliños e comúns, a estreliña dos piñeiros, o picafollas asubiador; o piquelo azul, o gabeador común; a pega marza, o paporrubio real, o ouriolo, o pimpín real e os petos negro, verdeal, real e mediano. Representando ás aves de rapina atópanse o gabián, o azor, o miñato abelleiro, a aguia caudal, o miñato común, o lagarteiro, a aguia albela, a gatafornela, a aguia real, o voitre leonado e a rapina cincenta; e as nocturnas máis representativas son a avelaiona e o bufo real. Nas áreas abertas viven especies coma o chasco, a azulenta, a laverca, o trigueiro, a escribenta real e as papuxas montesa, capiroxada, común, apardada e paporrubia, mentres que a máis altitude habitan o chasco rabipinto, o papamoscas cincento, a perdiz charrela, a pica patinegra montesa, a azulenta papuda, o merlo azul, o merlo rubio, o



pedreiro cincento, o pardal alibranco e o gabeador dos penedos.

A ave lendaria dos Ancares é a pita do monte, da que, debido á caza masiva, quedan moi poucos exemplares. O macho mide uns 86 cm de altura e a femia 60, cunha cor moito menos vistosa. As plumas superiores das ás son de cor parda, o peito verde irisado, a zona arredor do ollo vermella e o resto do corpo de cor escura. Posúe unha cola aberta en abanico. Vive nas árbores no inverno e no chan no resto das estacións, preferentemente nos bosques caducifolios. É moi tímida e poucas veces se deixa ver, salvo na época de celo, onde os machos se reúnen en cantadeiros, dando ás femias a posibilidade de escoller entre eles. Aliméntanse principalmente de froitos, como os do acivro ou as arandeiras, aínda que tamén comen follas de acivro.

No que respecta ós anfibios, na serra atópanse once das catorce especies galegas, como o pintafontes común, o palmado e o verde; a coñecida píntega común, a saramaganta, o popular sapiño comadrón, o sapiño pintoxo, o sapo común, o sapo corriqueiro, a ra patilonga e a ra vermella. Os réptiles teñen poucos representantes: o escáncer, o lagarto das silvas, a lagartixa da serra, a lagartixa das brañas, a cobra de colar, a cobra lagarteira e a víbora de Seoane.



Porén, o que máis destaca da fauna dos Ancares son os mamíferos, dende os máis grandes ata os pequenos carnívoros e insectívoros. O lobo, que inspirou tantas historias nas montañas onde habita, dá pouco que falar, dado que limita a súa alimentación ás especies silvestres e non produce danos no gando, o que favorece o desenvolvemento da especie e axuda á repoboación que se está intentando levar a cabo. O porco



favorece o desenvolvemento da especie e axuda á repoboación que se está intentando levar a cabo. O porco





Os cumes de Penarrubia, testemuñas do pasado glaciario dos Ancares. Foto X.R.Silvar

bravo, cos seus dous metros de lonxitude e un de alzada, aínda resiste no corazón dos bosques, é a especie máis abundosa e, xunto co corzo, o principal obxecto de caza dentro da reserva. O cervo e o rebezo extinguíronse, pero foron reintroducidos máis tarde. O raposo ten unha poboación numerosa, seguido do gato bravo, a algaria, o tourón, a lontra, o armiño, a donicela, a marta e a garduña, xunto co teixugo, que aproveita o solo da fraga para construír os seus tobos. Os pequenos mamíferos coma o rato de campo, o leirón, o esquío, o rato da fraga, a corta rubia, a trilladeira nival, a rata de auga norteña, o coello e a lebre serven de alimento ós predadores.



No tocante á xeoloxía, nos Ancares pódense observar varios estratos de rochas e diversos pregamentos do terreo, especialmente en ladeiras sen moita vexetación, como as de Vilanova do Pedregal. O solo está composto, principalmente, por lousas e areíscas, con afloramentos de cuarcitas. En Piornedo atópase o chamado granito de Ancares,

sobre o que houbo varios intentos de explotación que, afortunadamente, foron abandonados. As rochas calcarias, moi escasas na zona, preséntanse en forma de caliza, en estribacións do sureste da serra e nas localidades de Becerreá, Vilapún e Vilaspasantes, o que facilita a aparición doutros tipos de vexetación, coma no faial de Pintinidoira e no aciñeirial de Cruzul.

O relevo dos Ancares caracterízase, ademais de polas tradicionais montañas baixas con cumios redondeados, por ter



terreo para darlle a forma de V típica dos vales fluviais.

En resumo, a Zona de Importancia Comunitaria dos Ancares posúe un gran interese xeolóxico, botánico, zoolóxico, etnolóxico e paisaxístico, e sobre todo, unha grande beleza que é p r e c i s o conservar, porque, a pesar das tarefas de repoboación de varias especies, tanto animais como vexetais, que se levaron a cabo nos últimos anos e das leis que protexen este lugar, o turismo masivo, a contaminación, a caza furtiva e outros moitos perigos ameazan a harmonía e o delicado equilibrio do seu ecosistema, e se os seres humanos, únicos responsables de que isto suceda, esquecemos o coidado deste espazo, é posible que os osos desaparezan, os lobos fuxan e o fermoso canto da pita do monte xamais volva escoitarse soar docemente por entre as montañas..

terreo para darlle a forma de V típica dos vales fluviais.

En resumo, a Zona de Importancia Comunitaria dos Ancares posúe un gran interese xeolóxico, botánico, zoolóxico, etnolóxico e paisaxístico, e sobre todo, unha grande beleza que é p r e c i s o conservar,



porque, a pesar das tarefas de repoboación de varias especies, tanto animais como vexetais, que se levaron a cabo nos últimos anos e das leis que protexen este lugar, o turismo masivo, a contaminación, a caza furtiva e outros moitos perigos ameazan a harmonía e o delicado equilibrio do seu ecosistema, e se os seres humanos, únicos responsables de que isto suceda, esquecemos o coidado deste espazo, é posible que os osos desaparezan, os lobos fuxan e o fermoso canto da pita do monte xamais volva escoitarse soar docemente por entre as montañas..

Andrea Mosquera Alonso, 2ª ESO



ENTREVISTA A MARÍA YÁÑEZ LÓPEZ

María Yáñez López foi, como moitos xa saberedes, alumna deste centro ata hai un ano. Ela conseguiu unha excelente media durante os seus estudos neste IES e posteriormente tamén acadou un bo resultado no exame selectivo. Durante a súa estancia no noso centro participou activamente nas actividades de normalización lingüística, tamén publicou moitos artigos nesta revista nosa *Planeta lingua*. Eu coñézoa dende que empecei en primeiro, polo que me fai graza facerlle unha entrevista coma se fose unha estraña, xa que, no fondo, sempre será unha de nós.

Antes de nada, grazas por deixarte entrevistar, aínda que confeso que non aceptaría un non por resposta. Eras ata hai un ano estudante de bacharelato, e agora estudas para ser licenciada en Física, se non me trabuco.

P. Estás a sentir moita máis presión con respecto ao bacharelato?

R. En realidade bastante menos, porque non hai esa desesperación coa nota de corte (aínda que ao final a min non me serviu para nada). De todas formas, é distinto por moitas razóns: agora estudas o que ti queres, o que ti elixiches e tés máis ca nunca unha responsabilidade contigo mesma.

P- Non che serviu de nada?, home, polo menos conseguiches a matrícula gratis, que xa é moito. Eu actualmente penso que está sobrevalorada a importancia das notas de corte. Para min a Administración non debería permitir que subisen e alcanzasen uns niveis tan altos en carreiras -véxase Medicina- nas que hai un gran déficit de profesionais, polo que se debería aumentar o número de prazas (e moito). Que opinas do asunto?

R. O das notas de corte é unha cousa curiosa. Está o erro común de pensar que como unha carreira ten unhas notas



de corte altísimas, ten que ser difícil e mellor en comparación con outra "sen límite de prazas". Pero xa que estamos co de Medicina, non vexo eu de que raios serviría aumentar o número de prazas, á parte de para incrementar o número de licenciados en paro ou precarios. É moi fácil falar de que non hai médicos, pero o que de verdade non hai é diñeiro para pagar todos os que fan falla, e contra isto ninguén protesta.

Felipe Vázquez Fernández. 2ºC-BAC



P. A verdade é que penso que chegada unha idade, alá por terceiro ou cuarto de ESO, a todos nos entran as ganas de marchar da casa, e, unha vez rematado o bacharelato, é o que fai a maioría. Non botas de menos as comodidades do fogar: que cociñen, laven a roupa, axeiten a casa e fagan case todo por ti?

R. Non, para nada, estou nun piso con Sara, na zona vella, e non nos vai nada mal.

P. Antes de nada dicirlles aos que non te coñecen que Sara e ti sodes amigas dende sempre, logo é normal que compartades piso. Supoño que todo será poñerse mans á obra con ganas de traballo. E iso do grupo de teatro, xa actuastes nalgún local?

R. Non, pero postos a facer publicidade, imos facer *Lisístrata* e *As asemblearias* o 2 de abril (non sei onde). O malo é que vai ser en castelán, porque a maioría da xente do grupo son erasmus italianos.

P- En castelán?, tampouco pasa nada, pero a verdade é que o teatro galego necesita de toda a xente que se queira apuntar. Grazas por todo, e un saúdo ao resto de compañeiros universitarios que por razóns de espazo non puideron ser entrevistados. María, se queres dar un consello ou dicir algo ao alumnado do Sofía, sonche todo oídos:

R- Pola miña experiencia persoal, cando chegas a segundo de bacharelato, moita xente non ten decidido o que facer despois, xa que o abanico de elección é moi amplo. Eu aconsellaría que cadaquén fixera o que de verdade lle gusta, pois ao final vai ser a túa vida e o teu futuro, e somos moi novos aínda para deixar de loitar polos nosos soños. De calquera xeito, non é unha decisión simple, e non pasa nada por non acertar á primeira, sempre hai tempo para cambiar e atopar novos camiños.

Programa Ponte 2007

USC O Programa Ponte da USC distingue a tres alumnas do centro entre os mellores expedientes de Galicia
Santiago, 20 de xullo de 2007

Marta Prieto Barros, Alba Pensado Couce e María Yáñez López asistiron xunto coa dirección do centro, ao acto de entrega pola Universidade de Santiago de Compostela da distinción de mellores expedientes de Galicia polas súas calificacións de sobresaliente nas Probas de Acceso á Universidade.

UNA * Lorena María Nogueira Torres ** IES CRUCERO BALEARIS * CULLEREDO * Alba Paula Sola * Sonia Pérez Suárez * Vilalobos Rincón * CPF RÍAS ALTAS * CULLEREDO * Javier Vázquez Rodríguez * María Cristina García Rubiá ** IES IES SOFÍA CASANOVA * FERROL * Marta Prieto Barros * Alba Pensado Couce * María Yáñez López ** IES SATURNIA Montero Tabuena * Mateo Montero Virela ** IES LEIXA * FERROL * Alba Lago Martínez ** IES DE MELIDE * MELIDE * S. Famoso González * Sora Piñero Martín ** IES AS TELLEIRAS * NARÓN * Jesús Piñón Rodríguez * María Isabel Sarago G. IES * CULLEREDO * Soledad Novoa Parra * María Carolina Prieto * María Inés Sanja * IES LOS ANJELIS * De Barros * Sara

O acto desenvolveuse na Aula Magna da Facultade de Medicina, coa asistencia de máis de 700 persoas entre o alumnado distinguido, os seus familiares e as direccións dos centros.

As verbas de Paula Suances Díez, do IES Eusebio da Guarda da Coruña, mellor expediente de Galicia, evocaron a etapa que veñen de pasar os miles de estudantes de segundo de bacharelato, animando a toda a comunidade escolar a dar o mellor de si para a formación da xuventude que fará un mellor país.

O parabén do centro a Marta, Alba e María (esta última no posto 22 dos máis de trescentos mellores expedientes galegos), ás súas familias e a todo o profesorado e persoal que contribuíron aos seus excelentes resultados.

Feliz fin de curso e boas vacacións!

Comentario na web do Sofía sobre o éxito de tres das súas alumnas, entre elas María Yáñez, que acadaría o Premio Extraordinario de Bacharelato

P. Que é o que máis che gusta da vida universitaria?

R. Gústame moitas cousas: o de levar unha vida independente, nunha cidade tan increíble como Santiago; coñecer a máis xente cos teus intereses e as mesmas dúbidas...; o ambiente cultural (eu participo nun grupo de teatro...); podes ir a calquera facultade que non sexa a túa se che apetece...



ENTREVISTA A ALEJANDRO RICO LODEIRO (alumno de 2ºA-BAC)



Ola Alex. Sabemos que hai tres meses escasos acudiches á derradeira proba do circuito ETB (European Tour of Bodyboarding), no norte

de África, en Agadir (Marruecos), e que aproveitaches tamén para surfear por libre... relátanos un pouco a viaxe.

R. Pois comezou o sábado 17 de novembro, xunto con Joaquin, Eugenio e Pedro Montero, cos que pasei unha noite agradable no centro de Madrid. Xuntos collimos o avión (que estivemos a piques de perder...jejeje) o domingo pola mañá no aeroporto de Barajas. Aí comezou todo. Cando nos quixemos dar conta, estabamos nun aeroporto rodeados de xente con outro idioma, diferente cultura, diferente relixión...

A noite que chegamos, decidimos cear e descansar para os días seguintes poder entrenar, xa que o campionato comezaba o día 23.

O clima era o perfecto para o noso deporte e os nosos adestramentos, ía unha calor digna de verán para nós e a auga estaba quente, polo que surfeabamos máis cómodos.

Joaquín espertábanos cedo, sobre as 6:30, 7:00 da mañá, para surfear cos primeiros raios de luz. Surfeamos todo tipo de ondas, tanto fondo de pedra como fondo de area.

A pesar de ser extranxeiros, non tivemos ningún problema cos surfistas locais, cousa que é moi habitual nas viaxes: un ambiente agradable entre surfistas.

P. ¿Como transcurriu a competición?

R. No primeiro día de competición, as ondas eran bastante pequenas e o vento on shore (vento de mar). O campionato comezou con rondas de triais, coas que comezaban as eliminatorias. Entrei na segunda manga da terceira ronda xunto con tres marroquís, e conseguín gañarlles aos tres, pasando primeiro a oitavos de final.

O segundo día de competición, comezaron os oitavos de final. As ondas eran máis grandes e o vento parecía que sopraba off shore (vento de terra). Entrei á auga con Raúl Fernández da Reguera, Silvano Lourenço e un corchero (surfista) marroquí. Tan só pasaban os dous primeiros dos catro que estabamos na auga, polo que foi unha loita constante entre nós. Comecei a manga colocándome segundo, mentres que o portugués, Silvano, colocábase primeiro, Raúl terceiro e o marroquí era cuarto. Mantivenme durante toda a manga no segundo lugar, ata que, cando faltaban escasos cinco minutos para finalizar, Raúl remou unha onda de dereitas coa que conseguí poñerse en primeiro lugar, pasando eu a ser terceiro e así caer eliminado. A sorte non estivo do meu lado, xa que, por sorteo, me tocou na manga con Raúl e Silvano, que son dous deportistas adultos recoñecidos a nivel europeo. Raúl proclamouse segundo no campionato e Silvano gañouno, e proclamouse

así campión europeo. Con este 17º posto na última proba, acadei un 25º posto no ranking final do circuito europeo categoría open (aberta), sendo todavía sub-18.

P. Un resume da experiencia?

R. A verdade foi algo increíble, porque, aínda que xa estiven competindo en Portugal, Inglaterra, Francia..., esta viaxe foi especial, polo roce con outra cultura e por todo o que se aprende a valorar da vida nun país que non está tan desenvolvido coma o noso e, sobre todo, polo impacto coa pobreza. A verdade é que o pasamos moi ben, o clima acompañounos, cadráronnos boas ondas, coñecemos un montón de xente e pasáronme mil detalles divertidos. Unha viaxe para non olvidar.

P. Que tés pensado para este ano?

R. Pois para este ano intentarei volver percorrer o circuito galego de bodyboard, o circuito nacional e o circuito europeo. A novidade para este ano é participar nalguna proba do circuito mundial, a ver que pasa. Espero tamén facer algunha viaxe para surfear por libre, sen campionatos polo medio e, sobre todo, disfrutar deste deporte cos meus amigos, que é o máis importante.

P. Grazas por adicarnos este tempo, Alex, dámosche a noraboa e desexámosche moita sorte para futuros campionatos. Saúda a quen queiras...

R: A vosoutros. Pois nada, un saúdo a toda a xente de Donae, e a Eugenio, Joaquin e Piter. Booaaaaas ondaaaaas!!!

ENL

Crónicas

Novo libro de Llorca

Os amantes da HISTORIA (con maiúscula) están de noraboa porque Guillermo Llorca, profesor do "Sofía Casanova", vén de publicar un magnífico traballo sobre historias de xente do común: a que ten que ver cos oficios (moitos deles a piques de desaparición ou xa desaparecidos) e cos problemas e ledicias da propia existencia. É a historia dos que protagonizan o mundo e non saen nos libros.

Bertolt Brech, o dramaturgo alemán, soubo deixar constancia destes heroes anónimos no seu poema:

está chea de arcos de trunfo.
 Quen os erixiu?
 Sobre quen trunfaron os Césares?
 Bizancio, tan cantada,
 tiña palacios para os seus habitantes?
 Ata na fabulosa Atlántida,
 a noite na que o mar a tragaba,
 os habitantes clamaban pedindo axuda aos seus escravos.
 O xove Alexandre conquistou a India.
 El só?
 César venceu os galos.
 Non levaba consigo nin tan só un cocineiro?
 Felipe II chorou ao afundirse a súa flota.
 Non chorou máis ninguén?
 Federico II gañou a Guerra dos Sete Anos.
 Quen a gañou, ademais?
 Unha Vitoria en cada páxina.
 Quen cociñaba os banquetes da Vitoria?
 Un grande Home cada dez anos.
 Quen paga os seus gastos?



PREGUNTAS DUN OBREIRO PERANTE UN LIBRO

Tebas, a das Sete Portas, quen a construíu?
 Nos libros figuran os nomes dos reis.
 Arrastraron os reis os grandes blocos de pedra?
 E Babilonia, destruída tantas veces,
 quen a volveu construír outras tantas?
 En que casas da dourada Lima vivían os obreiros que a construíron?
 A noite na que foi rematada a Muralla china,
 onde foron os albaneis? Roma a Grande

Guillermo Llorca entrou en directo por esta mesma porta para darlles o protagonismo que lles pertence. Esta publicación é a testemuña dalgúns das destas persoas, do seu paso pola vida; é o vehículo que os levará ó futuro para que xeracións vindeiras poidan aprender de tanta vivencia e sacar conclusións que os faga mellores como persoas. Estou seguro de que así será.

Pery Hódico


Ferrol: memoria da vida cotiá

Por Guillermo Llorca Freire
 Ediciones de la Librería del Campus Ferrol 2008

Percurso falado a Santo André de Teixido

O 17 de novembro de 2007, un grupo de alumnas e alumnos dos IES Marqués de Suanes, Cando, Neda, Fene, Saturnino Montojo e do noso instituto saímos de excursión para percorrer o contorno de Santo André de Teixido, ao abeiro dos "Percurso Faldos", iniciativa que, organizada pola Asociación Lingüístico - Cultural Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, abre as súas portas a todas as persoas que desexen coñecer e gozar da xeografía, da natureza e da nosa contorna comarcal.

luciu un sol espléndido, o que fixo que pudiésemos gozar das diferentes especies alí destacables: piñeiros, teixos e grande variedade de vexetación autóctona.



Visitamos a fonte dos tres canos, chamada Fonte do Santo, e o célebre santuario de Santo André, coma os antigos romeiros, que descendían polo sendeiro que nós fixemos a pé, axeonllados; e como é de obrigado cumprimento, pois, como todo o mundo sabe: *A Santo*

André de Teixido/ vai de morto o que non foi de vivo.

Tamén tivemos oportunidade de observar os cantís máis altos de toda Europa, de 620 metros.

Alí, na serra da Capelada, atopábase unha garita, a garita de Herbeira, unha construción militar construída alá polo 1800, situada nun lugar estratéxico para a defensa contra o mar.

Samuel Fernández Paz (4ºA)



A paisaxe que alí puídemos contemplar, a diferenza de experiencias anteriores (ano 2006), forma un relevo nada manso, moi escarpado,



e a climatoloxía reinante é moi húmida e bretemosa. Afortunadamente, o día que se realizou esta actividade



Crónica do Entroido 2008



O pasado venres 1 de febreiro, celebrouse no IES Sofía Casanova, como xa vén sendo habitual, un concurso de comparsas para manter vivo o noso espírito carnavalesco.

Nesta celebración, participaron comparsas formadas por alumnos/as representantes tanto de bacharelato coma de ESO e dos ciclos que se imparten no noso centro.

Un total de sete comparsas competiron para gañar un primeiro premio de 120 euros ou un segundo de 100 euros. Ao finalizar o festival, o gañador foi elixido por varios docentes do centro.

A comparsa que abriu o festival estaba composta por rapazas pertencentes a un ciclo de educación infantil. O vestuario foi moi orixinal e estaba elaborado por elas mesmas.

O tema da comparsa era principalmente unha recriminación ás restantes compoñentes do ciclo que se negaron a participar e subir con elas ao escenario.

Os/as alumnos/as de 2º da ESO fixeron unha divertida actuación baseándose no espectáculo do circo. O vestuario,



na nosa opinión, foi o mellor do festival, con nenos disfrazados de: pallasos, avestruces, ximnastas etc. Aínda que a actuación non foi perfecta, a orixinalidade do número e o seu vestuario fixo que este grupo acadara o 2º premio.

O terceiro grupo, composto por alumnos/as de 1º da ESO, non foi dos mellores, debido á pouca organización, xa que, na nosa opinión, non lle dedicaron suficientes ensaios. Pero, aínda así, esta comparsa púxolle un toque máis de humor ao festival. O argumento centrábase nun posto dun mercado onde a feirante intentaba vender a roupa ao mellor prezo posible.

A cuarta comparsa, composta por tres alumnos de diferentes cursos (3º da ESO e 1º e 2º de bacharelato), centrou a súa crítica social nun tema tan de actualidade e polémico como é o do canon dixital.

O quinto grupo estaba formado por alumnos/as de 2º da ESO vestidos de vellos, que facían unha cómica sátira dos ferroláns titulada "Coma tolos".



Os integrantes da 6ª comparsa, titulada "Paletos" (nenos e nenas de 1º da ESO), tiñan unha boa letra, pero a execución deixou bastante que desexar, xa que non se entendeu o que dicían, motivo polo que non puideron gañar o premio.

A comparsa vencedora foi a composta por: Estela Rey, Marta Fernández, Yoana Crespo (3º B) e Antía Picallo (3º A). Esta comparsa alzouse co primeiro premio pola variedade de temas actuais no instituto (a falta de espellos, as cascudas...) dos que falaban, así como polo vestuario, polo toque de humor, a música e a posta en escena.

En resumo, o Entroido 2008 do Sofía Casanova foi un dos mellores que recordamos, grazas á activa participación do alumnado e ás ganas de pasalo ben demostradas por todos os participantes.

Inés García Misiego e Ana Regueiro Otero (3º B)





Carautas realizadas por alumnado de 5ºB e 6ºA
Coordinadora: Maria Ajuria Peón, profesora de debuxo

RECANTO LITERARIO

LE

Moitas veces pensamos na literatura galega como algo morto, algo que tan só serve para nos facer estudar e ter que mercar dous ou tres libros cada ano. Namentres, a literatura galega non é mellor nin peor que a castelá, simplemente é outra literatura. A sociedade bilingüe na que fomos educados e a formación académica que recibimos permítenos ler tanto en galego coma en castelán, polo que temos a sorte de poder ler tódalas versións orixinais que están nunha desas dúas linguas.

Respecto á literatura castelá, é coñecida por todos: supermercados, librarías e estancos están repletos de *As aventuras do Capitán Alatriste* e outros libros similares; ao contrario, os libros galegos son moitas veces máis difíciles de conseguir, ademais de que o formato económico é case inexistente na literatura galega.

Non tódolos galegos mostran interese pola nosa literatura, moita xente pensa que é aburrido ler e que os escritores que escriben en galego fano porque se o fixesen en español, ninguén lles mercaría un só exemplar. Todas esas afirmacións non son máis ca parvadas. Pese a pasar moito máis desapercibidas, a nosa literatura está repleta de obras entretidas que podedes coller nunha biblioteca pública de forma gratuíta. Aí vos van uns cantos exemplos de novelas entretidas para o público en xeral. Non están escritas pensando en que sexan lidas na escola, senón que só pretende agradar ao lector:

Morning Star. Xosé Miranda

Lourenzo Tasende é un rapaz como outro calquera que

vive cos seus pais. De repente, a súa vida cambia por completo cando o seu destino se cruza co dunha banda de ladróns. É unha novela entretida coma poucas; nela, o estilo e a formas non son o importante, o importante é o contido.

**A saga dun afiador.
Xosé Fernández Ferreiro**

Este libro, de non moito máis de cen páxinas, narra as aventuras dun dos homes máis duros dos que naceron na Chaira. Metido en pelexas dende moi novo, mesmo coa policía, este personaxe real tivo unha vida dura e violenta. A novela intercala o galego normativo con algunhas palabras en barallete (sobre todo insultos), unha xerga propia da Chaira, polo que trae ao final do libro un pequeno dicionario.

**Erros e Tánatos.
Navaza, Gonzalo**

Dez contos, nos cales o autor narra historias breves marcadas pola morte e o humor. As historias son orixinais e teñen uns finais inesperados. O autor emprega unha linguaxe simple e doada de entender.

**A escura luz do Tiber.
Lola Gándara**

Unha filla dunha escrava terá o privilexio de pasar a formar parte dunha das familias máis ricas da Roma de Nerón. Nesta novela histórica, fábase de como se vivía durante o reinado dun emperador que chegou a nomear senador ao seu cabalo.

**Trinta e dous dentes.
Xabier López López:**

Esta divertida novela, moi semellante a unha novela picaresca, narra a historia dun home maduro que esperta un día convertido nun neno duns dez anos. Terá que mudar de aptitude ante a vida e

comportarse conforme o seu corpo, pero no seu interior segue sendo un adulto.

*Alejandro Landeira
Teijo (1°C-BAC)*



HISTORIAS DE MEDO

Historias.....historias de medo.....simples lendas ou....relatos reais? Hai xente que di que todo é mentira, que son meras historias, pero... se soamente son historias, por que seguimos a ter medo con elas?, por que ás veces realmente as cremos?, por que temos medo....?

A rapaza do cemiterio

Unha noite, un rapaz coñeceu unha moza nunha discoteca. Ao saír, o rapaz pres-toulle a chaqueta á rapaza e acompañouna ata a súa casa. Á mañá seguinte deuse conta de que esquecera pedirlle a cazadora á rapaza, polo que foi ata a súa casa. Cando chegou, abriulle a porta unha señora duns cincuenta anos. O rapaz preguntoulle se estaba a moza, pero a señora díxolle que alí soamente vivía ela. O rapaz insistiu e díxolle que a noite anterior acompañara ata esa casa a unha rapaza loira, delgada, cos ollos da cor do mel. Entón, a señora sacou unha foto da carteira e preguntoulle se era esa a rapaza que el dicía. Dixo que si, que era esa. Ao oír esas palabras, a señora púxose pálida e díxolle que era imposible, pois esa era súa filla e levaba dez anos morta. A señora acompañou o rapaz ata

a tumba da súa filla; enriba, atopábase a chaqueta do rapaz...

A nena do azucre

Isto pasou no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), nas proximidades do encoro da Ribeira.

Era un señor que acababa de comprar aquela casa e, pola noite, oía rúidos cando se metía na cama. Unha noite baixou á porta, abriuna e viu unha nena que lle pediu azucre. O señor díxolle que ía á cocíña polo azucre, pero, cando regresou, a nena xa non estaba.

Ao seguinte día pola noite, sentiu petar na porta. O señor, pensando que era a mesma nena, foi á cocíña, colleu unha pedra de azucre na man e foi abrir a porta; e, efectivamente, alí estaba a mesma nena.

A nena preguntoulle se lle daba o azucre, e o señor deul-lo, mais, ao momento, sentiu un forte peso no pé. Mirou para abaixo e viu a pedra de azucre no chan.

Cando ergueu a cabeza, a nena xa non estaba, así que pechou a porta.

Ao día seguinte pola noite, o señor escoitou na televisión unha noticia que falaba da desaparición dunha nena. E cando puxeron a foto da nena desaparecida, o señor deuse conta de que falaban da nena que lle pedira o azucre a noite anterior.

Nunca máis se volveu saber da nena nin do señor.

*Sheila Amado Irago
(4A-ESO)*



MANUEL ANTONIO E LUIS PIMENTEL.


Dentro do panorama da literatura galega do primeiro terzo do século XX, estes dous persoeiros destacan pola súa colaboración no campo da produción lírica. Aínda así, agora a súa obra pode estar reservada a uns cantos estudosos, posiblemente por pertencer a unha estética un tanto rebuscada para tódolos públicos.

AS VANGARDAS

Naquel primeiro terzo de século, tiveron lugar por toda Europa unha serie de correntes artísticas que só coincidían en romper con todo o anterior e en que a arte tiña como finalidade exclusiva evadirse do mundo que rodeaba ó autor. Así, aparecen por Europa, principalmente en París (que é o centro artístico do momento), un grupo de tendencias antagonistas que pretenden superar a arte das xeracións anteriores.

No seguinte cadro resúmense algúns destes movementos cos seus fundadores.

	CREACIONISMO E CUBISMO	FUTURISMO	DADAÍSMO	SUR6REALISMO
Pintura, Arquitectura	Picasso	Santelia	Marcel Duchamp	René Magritte
Literatura	Vicente Huidobro	Filippo Marinetti	Tristan Tzara	André Breton
Trazo	Xógase co espazo e o tempo pasa a ser indeterminado	Culto á maquina	O azar é o auténtico creador da obra	Búscanse estampas imposibles na realidade



Estas ideas chegaron a España e a Galicia e deron un gran esplendor ás letras do momento. Manuel Antonio, creacionista, e Luís Pimentel, surrealista para algúns estudosos, poderían ser os paradigmas dos vangardistas galegos. Cómpre lembrar que o estilo neotrobadoresco (Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro) e o Hilo-zoísmo ou Paisaxismo animado (Luís Amado) son unha especie de vangardas *pactadas*, xa que xorden dentro de Galicia e non teñen unha extensión universal.

DE CATRO A CATRO DE MANUEL ANTONIO.

Toda a crítica recoñece De catro a catro, subtítulo Follas sen data dun diario de abordo, como a primeira obra de vangarda plena en galego. Consta de dezanove poemas de versos libres (que carecen de rima, dunha métrica fixa e dun ritmo) cheos de símbolos e metáforas impresionistas e puras. En canto á forma, rompe por completo coa tradición: só hai un punto por cada poema, que indica a fin; non hai moita continuidade entre os poemas; o uso de acrósticos nos títulos; e adoita aproveitar a tipografía, o sangrado para dar sensación de movemento, aínda que non chega ó caligrama de Apollinaire. Outro trazo exclusivo desta obra é a ruptura total da sintaxe. Nalgunhas ocasións, enuméranse, entre espazos en baleiro, símbolos, sen mais, pudiendo evocar sensacións sen necesidade de recorrer á oración.

Cómpre ler o libro dúas veces: nunha primeira, sen símbo-

los, relátase unha viaxe polo mar; pero na segunda e definitiva, o poeta viaxa pola mente, relatando o seu estado de ánimo, as súas ilusións e os seus proxectos rotos. Recoméndase, antes desta lectura profunda, ter en conta unha in-

SÍMBOLOS EN DE CATRO A CATRO	
TERMO REAL	IMAXE
Mar Barco Terra/Mar Vento Foula Ronsel Pipa	Vida Suxeito lírico Monotonía/Aventura Afan aventureiro Futuro Pasado Manuel Antonio

formación xeral e, sobre todo, o sistema adxunto de símbolos, para non caer en interpretacións erradas.

A súa capacidade de observación e, sobre todo, a súa rebeldía, que citan tódalas súas biografías, están presentes na súa obra. Parece ser que na súa adolescencia foi combater na I Guerra Mundial e que cando a Garda Civil o parou á altura dos Pirineos, díxolles: "Eu son Manuel Antonio, galego e poeta", pero acabou volviendo á casa.

Toda a obra do poeta chegou-nos a través do médico Domingo García-Sabell,

LEGER

GAVOTAS que levan no peteiro
as cartas dos mariñeiros namorados
Vapores burgueses
que nos ofrecen o remborque do seu fume
Pero as nosas velas encalmadas
espantan a bandazos
as horas como moscas

Vigo está tan lonxe
que se desourentaron as cartas mariñas

Unha pipa máis
de vagar
deica ver a hora que dá o reloxe
Entra unha fría de vento?
-Moi ben!

Enrolarase a pausa
nas súas espirais
E non sabemos
(abonda xa de paréntesis)
engadirmos outra volta
a todo eso que se nos esqueceu.

De catro a catro: Manuel Antonio

quen atendera á súa nai pouco antes da súa morte. Pero ata os anos setenta non aparece publicado nada de Manuel Antonio. En 1972, Galaxia publica *Poesías*, e máis tarde, en 1979, *Correspondencia*. Actualmente, a obra de Manuel Antonio está presente na maioría dos manuais de Literatura Galega e sempre é obxecto de análise.

Para todo aquel que desexe coñecer os seus escritos, a editorial Xerais ten no seu catálogo o libro *De catro a catro e outros textos*, comentado por Román Raña Lama, e tamén contén partes de *Foulas*, *Poemas Soltos* e *Máis Alá*, manifesto polo que sentan as vangardas en Galicia e no que, como anécdota, se califica ó gran dramaturgo Valle-Inclán de pollito bien.

LUIS PIMENTEL: SOMBRA DO AIRE NA HERBA.

“Poeta pálido das tardes provincianas, intimista e un pouco dandy”. –Méndez Ferrín

Esta figura faise peculiar dentro do contexto vangardista galego: non está completamente adscrito a un ismo, cre na importancia das xeracións anteriores e sobre todo condena o esteticismo deshumanizante na literatura do momento. Por estes motivos, moitos especialistas tenden a estudar a Pimentel como un escritor á parte, coma un bicho raro. Tamén cabe destacar as súas boas relacións con intelectuais do momento:



pasa o ano 1922 na Residencia de Estudantes de Madrid e alí fai amizade con Federico García Lorca, con Salvador Dalí e con Luís Buñuel, persoeiros que influíron moito na súa produción literaria.

Ademais, a poesía de Pimentel presenta moitas influencias dos movementos artísticos anteriores: o Romanticismo (sobre todo Bécquer e Rosalía de Castro), o Modernismo de Rubén Darío, Juan Ramón Jiménez, os noventayochistas Antonio Machado

e Valle-Inclán, e o Simbolismo francés de Laforgue e Francis Jammes (o seu poeta preferido).

SOMBRA DO AIRE NA HERBA E O MUNDO DOS SOÑOS

Con todo, a súa poesía considérase surrealista, seguindo o criterio de Méndez Ferrín en *De Pondal a Novoneyra*, quen asegura que “cada poema é unha xustaposición de imaxes non trabadas por lazo discursivo ou lóxico, que, en conxunto, confúndense nun sentido profundo que se nota completo”:

“Paseo”

De sotaque sorprendín a mañá
entrando na vila
cantando da man da fina chuvia.
Cos pés espidos e mollados
viña dos camiños verdes, profundos.
Dedos de vento transparentes, baleiros,
en brunidas bandexas.
Scherzo de zoca na acera.
Leda canción.
E debaixo do mantel de liño fresco
a muller do obreiro leva as doce campanadas.
Unha canción que se cae e se levanta.
O polvo nas alas e tamén o ceo.
Unha canción tan lonxana e lene
como a sombra do aire sobre a herba.
Ata min chega tan sólo en anacos;
mais eu enténdoa exacta e enteira,
como a sombra do aire sobre a herba.

(De *Sombra do aire na herba*, 1959)

A súa temática é fundamentalmente a tenrura, a solidariedade coa dor e o sufrimento humano, apoiándose en pequenas estampas provincianas dun Lugo tranquilo, calmo, cheo de descrições ó gusto modernista.

O poeta prefire, ante todo, unha depuración de elementos preciosistas, por exemplo, o piano, a camelia, o espello..., que dan unha idea de beleza e requinte. En contraposición, adoita utilizar unha visión onírica moi pesimista: nena pobre, farrapos, botas de náufrago, morto, etc.

Outros dos recursos máis utilizados por Pimentel son: unha persoal musicalidade e a mestura de elementos cunha connotación preciosista e certos aires de misterio e incluso medo; así, xorden frases que poden evocar ó Simbolismo francés, posiblemente os seus libros máis apreciados.

Pero o que realmente rompe nas súas letras é o Surrealismo puro: a mestura de cousas totalmente ilóxicas que fan que o lector teña que dar unha interpretación subxectiva e á vez relativa (xa que pode variar do momento emocional da persoa).

“Es un reino sin banderas, enlutado de blanco”
–Dámaso Alonso.

En canto á forma, predomina a sinxeleza: verso curto e libre, tímidos paralelismos sintácticos e anáforas, un estilo moi conciso e depurado de datos superficiais e a súa lingua carece de frases e verbas rebuscadas.

Federico Pedreira Nores (4ºA)



Citas

COUSAS DO DIÑEIRO

Eis unha serie de citas encol do diñeiro

"Na vida hai cousas máis importantes que o diñeiro, pero custan tanto!"

(Groucho Marx. Humorista norteamericano)



"O diñeiro non é nada, pero moito diñeiro, iso xa é o u t r a cousa!"

(George B. Shaw. Dramaturgo irlandés)

"O diñeiro non dá a felicidade, pero procura unha sensación tan parecida que se necesita un especialista moi avanzado para verificar a diferenza"

(Woody Allen. Cineasta e escritor norteamericano)

"O diñeiro e o tonto sepáranse pronto"

(Escrito nunha parede)

"Benaventurado o que ten talento e diñeiro porque empregará ben este último"

(Menandro. Dramaturgo ateniense)

"A percepción da cantidade de diñeiro é ben diferente segundo a teñas que pagar ou cobrar"

(Aldous Huxley. Escritor británico)



"Se queres coñecer o valor do diñeiro, pide un préstamo"

(Benjamin Franklin. Político e inventor norteamericano)

" O diñeiro chórase cun pesar máis profundo que os amigos ou os parentes"

(Juvenal. Poeta romano)

"Nestes tempos, os máis novos pensan que o diñeiro o é todo, cousa que comprobando cando se fan maiores"

(Oscar Wilde. Escritor británico)

COUSAS DA HISTORIA

Cuestión de narices

Contan que, nunha festa, Mozart lle dixo a Haydn que non sería capaz de tocar unha peza que compuxera había pouco. Haydn aceptou o reto e, nun momento da interpretación, tiña as mans situadas a ambos extremos do teclado e a nota que debería pulsar estaba no centro. Tras recoñecer a súa derrota, tocouna Mozart e, cando chegou ao punto conflictivo, inclinouse e pulsou a nota co nariz. Logo, entre aplausos, dixo que só era "cuestión de narices".



Canguro incomprendido

Cando os ingleses chegaron a Australia, en 1770, quedaron moi sorprendidos ao ver uns animais que saltaban. Preguntáronlles aos nativos como se chamaban, e eles contestaron "Kan Ghu Ru".

Os ingleses axiña adaptaron o nome á fonética inglesa e bautizaron o animal como Kangaroo (canguro). O que souberon os ingleses máis tarde foi que os indíxenas realmente dixeran: "Non comprendo".

Esparta non se enrollou

Filipo II, rei de Macedonia no século IV a. C., enviou un mensaxeiro a Esparta para propoñer unha alianza contra Atenas. O emisario falou moito rato para tratar de convencer os espartanos (en grego: lakonikos) . A resposta, sen maior explicación, foi un "non". De aí vén -pola concisión e brevedade- o adxectivo de "lacónico".

Cobrar polo que se sabe

Un día, Luis XIV -o chamado Rei Sol-, na biblioteca de palacio, facíalle preguntas sin sentido ao bibliotecario. Este non soubo responder a ningunha delas. O rei, canso de ouvir tantas veces "non sei", preguntoulle: "pois, se tanta é a vosa ignorancia, por que vos pagan?" "En función do que sei -respondeu- porque se tivesen que pagarme polo que non sei, non chegaría todo o diñeiro do Estado".

Como llas poñían a Fernando VII?

O rei Fernando VII era moi afeccionado ao billar, pero tiña moi mal perder. Para non ter problemas, os compañeiros de xogo poñíanlle as bólas sobre o tapiz para que as carambolas fosen inevitábeis. Por iso, para dar a entender que unha empresa é fácil de resolver, popularizouse a frase: "Así llas poñían a Fernando VII ! "

Pery Hodico

CRÓNICAS DE BABEL

Cando volví da recente excursión que alumnos e alumnas deste centro fixemos a Roma, decateime do crisol cultural en que vivimos neses días. Naquela cidade podías escoitar falar hindú, inglés, italiano, chinés..., aínda que todos acabábase entendéndonos.

Reflexionando acerca disto, cheguei á conclusión de que unha das cousas que favoreceu a posibilidade de comunicarnos con xente tan diversa foi a nosa capacidade de falar correctamente a nosa lingua nai –o galego-, máis semellante ó italiano, ó tempo que o castelán, xunto cos nosos coñecementos de inglés e francés. Outro dos factores que nos axudou foi a predisposición, que eu creo que é máis importante ata que os coñecementos académicos da lingua. Por exemplo, sendo eu un alumno mediocre en inglés, establecí conversación coas compañeirinhas de hotel, americanas, supoñéndolle isto maior dificultade a outros compañeiros que obteñen mellores notas.

Outro caso curioso e semellante á situación dos galegofalantes foi o que observei entre un grupo de rapaces que conosco falaban en italiano cun marcado acento alemán. Eu pensei que se burlaban de nós dicíndonos que eran italianos - posto que entre eles parecía que falaban alemán, e mesmo o seu aspecto era xermánico-, pero eles explicáronme que eran dunha zo-

na do norte de Italia limítrofe con Austria, polo que entendín, "Tedesco". Xa na casa, púxenme a investigar o tema das diferentes linguas faladas en Italia.

Comprobei que debían de encontrarse entre o 69,4% dos habitantes de Bolzano, chamado o Tirol do sur, os cales falan unha lingua xermánica, o Tedesco, moi semellante ó alemán. Pódese ver no mapa da imaxe a diversidade lingüística de Italia. O italiano, que escolleu como patrón lingüístico o toscano literario, foi imposto coa creación do Estado en 1861, época na que só o falaba unha minoría, pero consegue impoñerse no século XX grazas a ser a lingua obrigatoria no en-

sino e, sobre todo, polo papel mediático da televisión.

Ata 1999 non se concedeu protección oficial ós outros idiomas, concedéndolle a nese ano o Parlamento a doce linguas: ladino, alemán, francés, catalán, occitano, idioma franco-provenzal, esloveno, albanés, grego, sardo e croata; e varios estatutos rexionais recoñécenlles a cooficialidade.

Aínda que durante máis de século e medio estas linguas estiveron relegadas a un ámbito familiar, coa conseguinte perda de falantes, máis da metade da poboación italiana non ten o italiano como lingua materna.

Nesta viaxe decatámonos de que existen máis pobos cunha situación parecida á que vivimos en Galicia e de que cando miramos un mapa, vemos divisións políticas (que adoitan ser trazadas artificialmente), sen decatarmos de que quedan ocultas as diversidades das diferentes culturas e nacións sen estado ou nacións divididas por unha fronteira.

Roberto Vázquez Fernández



Mapa das linguas faladas en Italia



(1º A-BAC)

Documentación



MANDALAS

Mandala significa círculo en sánscrito. Esta palabra é tamén coñecida como roda e totalidade.



Máis alá da súa definición como palabra, desde o punto de vista espiritual, é un centro enerxético de equilibrio e purificación que axuda a transformar o entorno e a mente. Tamén se define como un sistema ideográfico que contén un espazo sagrado.

O mandala podería definirse como a MANIFESTACIÓN (a máis pura) do esforzo humano por chegar a comprender o TODO cosmolóxico. O mandala é ese xesto-símbolo-obxecto no que a



dispersidade queda concretizada.

O home utilizou desde sempre o mandala como medio ou instrumento para relacionarse coa realidade, para comprendela, ordenala... Nós podemos utilizar esta actividade para coñecer a nosa realidade, o interior e exterior da nosa existencia.

Os mandala son utilizados desde tempos remotos. Teñen a súa orixe na India e propagáronse polas



culturas orientais, polas indíxenas de América e polas oborixes de Australia. Todo o mundo coñece o YIN E O YANG da cosmogonía taoísta. Existen mandalas no mundo cristián. Na arte medieval, as mandorlas son unha variante en forma de améndoa onde se representa o pantocrátor, os catro evanxelistas ou cosmogonías. Na cultura occidental, foi Carl Jung quen os utilizou en terapias co obxectivo de atinxir a búsqueda da individualidade nos seres humanos. Jung



adoptaba interpretar os seus soños debuxando un mandala diariamente; nesta actividade descubriu a relación que estes tiñan co seu centro e, a partir de aí, elaborou unha teoría sobre a estrutura da psique humana. Segundo Carl Jung, os mandalas representan a totalidade da mente, abrangendo tanto o consciente coma o inconsciente. Afirmou que o arquetipo destes desbuxos se atopa frecuentemente ancorado no subconsciente colectivo.



Os mandalas axudan á formación da intelixencia, do razoamento, do control e dominio do corpo; serven como medio de expresión, de comunicación, como técnica de relaxación; como medio de superación de situacións emocionais negativas, como ansiedade, temores nocturnos. Mentres se pinta, no subconsciente desaparecen os problemas, porque nos atopamos nun estado de total relaxación e concentración.



PASOS PARA A REALIZACIÓN DOS DEBUXOS MANDALA

1º) Parte dun estado de relaxación, cun ambiente tranquilo, escoitando a música que máis che guste.

2º) Parte dun círculo e comeza a desenvolver un debuxo, xeométrico, ou o que queiras, pero sempre deixando voar a túa imaxinación (se debuxas o que xa sabes, condicionas a lectura).

3º) Colorea o debuxo, tendo a man todo o material necesario: pinturas, rotuladores, acuarelas, etc.

Ten en conta que a súa realización pode ir desde os máis rudimentarios signos esquemáticos e desde sinxelas liñas gravadas na pedra ao uso de pigmentos de todo tipo e orixe: areas de cores, tintas, fíos...sobre papel, seda, cortizas de árbores, paredes, chans, rochas, alfombras...

Os mandalas non son simples debuxos de cores. Todos os elementos que neles se integran teñen un significado. Coñece algúns dos máis utilizados, e recorda o máis importante: esta é unha actividade intuitiva.

QUE QUEREN DICIR AS FORMAS?

Círculo grande: visión do teu interior grande.

Rotular o bordo: pórte límites a ti mesmo ou sentirte limitado ou controlar o teu mundo.

Trazos rectos: ter carácter, ideas claras, realistas.

Formas predominantemente curvas: ter sensibilidade. Debuxar xeométricamente: axustarse a un debuxo xa dado, non aportar ideas propias, falta de creatividade.

Se o debuxo parte do centro cara ao exterior: exteriorizar.

Se o debuxo parte do exterior cara ao interior: interiorizar.

Círculo: movemento, o absoluto, o verdadeiro eu.

Corazón: sol, amor, felicidade, ledicia, sentimento de unión.

Cruz: unión do ceo e a terra, vida e morte, o consciente e o inconsciente.

Cadrado: procesos da natureza, estabilidade, equilibrio.

Estrela: símbolo do espiritual, liberdade, elevación.

Espiral: vitalidade, enerxías curativas, búsqueda constante da totalidade.

Hexágono: unión dos contrarios, labirinto, implica a búsqueda do propio centro.

Bolboreta: autorrenovación da alma, transformación e morte.

Rectángulo: estabilidade, rendemento do intelecto, a vida eterna.

Triángulo: auga, inconsciente (cara a abaixo); vitalidade, transformación (cara a arriba); agresión cara un mesmo (cara ao centro).

QUE QUEREN DICIR AS CORES?

(O uso das cores nos mandalas está realcionado co estado de ánimo de quen os pinta ou debuxa)

Pintar suavemente: non chamar a atención, que non se metan na túa vida, quedarte na superficie das cousas.

Branco: nada, pureza, iluminación, perfección.

Negro: morte, limitación persoal, misterio, renacemento, ignorancia.

Gris: neutralidade, sabiduría, renovación.

Vermello: masculino, sensualidade, amor, arraigamento, paixón.

Azul: tranquilidade, paz, felicidade, simpatía, receptividade.

Laranxa: enerxía, dinamismo.

Rosa: aspectos femininos e infantís, dozura, altruísmo.

Morado: amor ao próximo, idealismo e sabedoría.

Verde: natureza, equilibrio, espiritualidade, transformación, inspiración.

Ouro: sabedoría, claridade, lucidez, vitalidade.

Prata: capacidades extrasensoriais, emocións flutuantes, benestar.

O que máis fala de ti é o teu interior. Descúbrete!!

PASOS PARA AUTORREALIZACIÓN INTERIOR:

1º) Descubrirte: quitar o que che cobre (os teus medos, os teus apegos).

2º) Autoacompañarte: aceptarte como es porque vas vivir contigo mesmo/a o resto da túa vida.

Podes atopar e completar esta información consultando as seguintes páxinas web:

- www.free-mandala.com
- www.reflejosdeluz.net
- www.craaltaribagorza.net
- www.wikipedia.org/wiki/Mandala,
- www.espacioblog.com/unmundodealegres cores.

Coordinado por Eva Mª del Buey Gómez (profesora de relixión)

Charla-coloquio: “O ocio nos adolescentes. Procesos e alternativas”

Relator: Xosé Leira López-Vizoso

O ocio nos adolescentes é un tema que se cuestiona cada vez máis na nosa sociedade, sobre todo no tocante á calidade das actividades de ocio deste colectivo nunha etapa da súa vida transcendental e de cambio a distintos niveis.

É importante fomentar unha cultura na que o tempo de lecer da mocidade non se converta nun espazo caótico e sen sentido. É certo que o poder do costume e da forza das masas inflúe enormemente neste colectivo a esa idade e que vivimos, como ben dixo D. Xosé Leira López-Vizoso, nunha sociedade hipócrita en que, por exemplo, está prohibido o consumo de alcohol ata unha determinada idade, mais o alcohol está presente en todos os eventos de importancia e de celebración, e con iso, inconscientemente, dáse un prestixio que supón unha sobrevaloración.

O día 13 de febreiro de 2008 D. Xosé Leira López iniciou unha conferencia ás 13:15 horas no salón de actos do Instituto Sofía Casanova de Ferrol que se titulaba “O ocio nos adolescentes. Procesos e alternativas” e que ía dirixida ao alumnado de 3º e 4º da ESO deste centro, organizouse en colaboración coa Dirección e a Xefatura de Estudos do IES Sofía Casanova e a coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística. A fonte dos datos que aquí se expoñen é o estudo que o conferenciante realizou e tratou

As referencias básicas no desenvolvemento das persoas adolescentes son a familia, o grupo de iguais e o centro educativo. As principais actividades de ocio dos nosos adolescentes, á parte da televisión, considerada como unha actividade básica, son, por esta orde:

- * charlar,
- * tomar copas,
- * ir de compras pola cidade,
- * escoitar música,
- * manexar o ordenador ou os videoxogos
- * practicar deporte.

Porén, as fins de semana, ir bailar ou ás discotecas é unha actividade á que se dedican máis dunha terceira parte das persoas adolescentes, con preferencia sobre os deportes, videoxogos, ordenadores, escoitar música ou ir de compras, que implica o paso dun rol máis pasivo a outro máis activo. Na actualidade é o botellón a actividade que, en tempo de ocio e sobre todo nas fins de semana, maioritariamente se lles atribúe, entre outras razóns pola visibilidade que ten.

Segundo os datos relacionados co tanto por cento de adolescentes que fuman e que beben alcohol, expuxo os seguintes:

En España, mentres que un 33% dos adolescentes de entre 15 e 19 anos declara que fuma na actualidade, esta proporción elévase, para a mesma idade, ata un 50% se nos referimos ao consumo

de bebidas alcohólicas. As porcentaxes para os mozos e as mozas de entre 20 e 24 anos acadan o 50% e o 69%, respectivamente. Indicou que é neste tempo e espazo liminais, onde a transgresión atopa a súa licenza, e onde, ou ben iniciadas ou ben en proceso de iniciación, se asimilan determinadas pautas (afastamento de bebidas tradicionais; importancia dos efectos, máis que do gozo da bebida en si; descontrol en canto á dose, en contraposición ao control adulto; afirmación da identidade dentro do grupo...).



A adolescencia busca máis que espazos de ocio, espazos de convivencia. Esta convivencia podería facilitarse por medio de lugares ou locais que puidesen poñer á súa disposición, de balde, as entidades municipais, como propoñía o conferenciante.


O relator contrastou os seus datos cos que se tiraron coas enquisas que contestou alumnado do IES Sofía Casanova con respecto ás actividades realizadas no seu tempo de lecer, por unha banda están os datos que obtiveron os alumnos de 4º da ESO, Daniel Calvo Díaz e Sara Sánchez Pita, e, por outra banda, os que se obtiveron como resultado dunha enquisa á que respondeu alumnado da ESO (de todos os cursos) e unha parte representativa, en menor medida, de 1º de bacharelato. Os datos xerais do relator coincidían cos que se obtiveron no centro. A continuación



aparecen os resultados da enquisa que realizaron no centro os dous alumnos de 4º da ESO e un resumo dos resultados que se obtiveron nas aulas.


EN QUE EMPREGAS O TEMPO LIBRE?

- Ordenador
- Amizades
- Actividades
- Ler




A DISTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES FOI:

- Fútbol
- Baloncesto
- Piscina
- Tenis




As alternativas que preferirían levar a cabo serían

- Estudiar un pouco máis
- Ver máis a tele
- Nada



SOBRE, QUE É O PRIMEIRO PARA TI?

- A familia
- As amizades
- Os cartos



RESULTADOS DE ENQUISAS QUE SE REALIZARON NA AULA

A continuación realizarase unha visión xeral dos resultados que se obtiveron na aula, aparecen en tres bloques, segundo o que respondeu a maioría do alumnado, bastantes alumnos e alumnas e a minoría

CON RESPECTO Á PREGUNTA “A QUE DEDICAS O TEMPO LIBRE?”

A maioría contestou:

- * 1º da ESO: estar cos amigos.
- * 2º da ESO: saír cos amigos, ver a televisión, xogar co ordenador.
- * 3º da ESO: saír cos amigos.
- * 4º da ESO: saír cos amigos, ver a televisión, conectarse a internet.
- * 1º de bacharelato: saír cos amigos, tocar a guitarra, debuxar, escoitar música, ver películas.

BASTANTES PERSOAS CONTESTARON:

- * 1º da ESO: ver a televisión, xogar ao fútbol.
- * 2º da ESO: falar polo messenger, pasear, entrenar baloncesto, xogar ao baloncesto, xogar ao fútbol, ir ao conservatorio.
- * 3º da ESO: ver a televisión, estar no ordenador, chatear, fumar.
- * 4º da ESO: escoitar música, ler.
- * Neste caso non temos un índice para 1º de bacharelato debido ao número de alumnado que realizou a enquisa.

Unha minoría contestou o seguinte:

- * 1º da ESO: ordenador, curmáns, música, compras, prácticas de idiomas, estar na rúa.
- * 2º da ESO: xogar aos videoxogos, escribir cancións, ir ver partidos de baloncesto, ir ao ximnasio, ler, tocar a guitarra, cantar nun coro, pinchar, andar na bicicleta, baixar á rúa, xogar á videoconsola, axudar, xogar ao fútbol, estudar.
- * 3º da ESO: ir ao cine, ler, beber, xogar ao fútbol.
- * 4º da ESO: cine, ir de compras, ir ao conservatorio, ir á escola de idiomas, ir á piscina, xogar ao tenis, escoitar música variada, saír coa familia, ver a televisión, xogar co ordenador, fumar.
- * 1º de bacharelato: ler

ALTERNATIVAS QUE O ALUMNADO PROPOÑÍA:

Tomouse como referencia o que respondía unha parte representativa do alumnado de 1º da ESO (baseado nas enquisas dun grupo) e unha parte representativa de 4º curso da ESO.

- * 1º da ESO: Xogar aos xogos aos que xogaban os nosos pais e avós, ler, facer excursións, facer deporte, facer botellón.
- * 4º da ESO: A maioría, ler (hai xente que indica que sería unha boa proposta porque ademais se aprende), facer deporte.
- VARIAS PERSOAS: Xogos de mesa, pasear.
- MINORÍA: Ir ao conservatorio, saír e divertirse coa familia, ir á piscina, xogar ao tenis, aprender algún idioma, aprender a tocar un instrumento, saír coas amizades, ir á praia, ver máis a televisión, ir máis á rúa, estudar máis, ser máis responsable, ver ralis e páxinas web de competición automobilística, ver películas.
- * HAI VARIAS PERSOAS QUE OPINAN QUE NON HAI MOITAS ALTERNATIVAS HOXE EN DÍA.

A continuación realizaremos unha referencia ás alternativas que D. Xosé Leira López-Vizoso propoñía e amosou

no salón de actos do IES Sofía Casanova durante a conferencia. Visualizáronse a través de power point, mediante gráficos en que se expoñían as denominacións da actividade, unha breve descrición, as motivacións especiais e os obxectivos que se buscan con esa alternativa. Agora reparárase na descrición das actividades:



* **PARQUE ABERTO**, con mesas de xogos ao aire libre, sendeiros de footing e paseo, cursos de recoñecemento da fauna, aulas da natureza, pistas para bicis e mountain bike.

* **O DEPORTE Á TÚA HORA**, en instalacións deportivas abertas de noite e sábados e domingos, con campionatos de fútbol-sala de pandillas de amigos.

* **CURSO DE MASAXES** e servizo de **BIBLIOTECA ABERTA**.

* **CIBERSALA**, con programación de cursos de informática, de creación de páxinas web; actividade coa que, asemade, se intenta apoiar o fomento do grupo.

* **A TÚA MÚSICA GÚSTANOS PARA TODOS**, nunha grande nave insonorizada onde os grupos musicais poidan ensaiar, con explicación de técnicas por parte de profesionais do tema e coa realización dun certame musical.

* **GÚSTACHE BAILAR?**, unha opción que suxire practicar cursos de danza e de bailes de salón, brasileiro, batuka, latinos, hip-hop etc., para o que se contaría con profesionais do baile.

* **O TEU É DAR O CANTE**, a través, por exemplo, dun convenio cun karaoke da cidade.

* **PUNTOS DE LUZ NA NOITE**, unha proposta que consiste en negociar con empresarios de pubs e discotecas e mesóns para establecer unhas directrices de prezos, calidade da comida e as bebidas, a seguridade e que sirva de atallo de violencia.

* **A NOITE CON ARTE**, con posibilidade de realización de talleres/ obradoiros artísticos.

* **AS PAREDES PARA TODOS**, dispoñendo de paredes para que os graffiteiros embelezan a cidade e programando cursos de graffiti.

* **O TEU MONÓLOGO PARA TODOS** baseado na realización de monólogos nun espazo en que profesionais ensinan a pulir os textos.

* **TALLER DE IDIOMAS** (actividade na que, á hora de traballar na aula o tema, sobre todo o alumnado de 4º da ESO foi o que máis interesado se amosou).

* **FORMACIÓN E OCIO**, opción na que teñen cabida cursos de animación sociocultural para o tempo libre, sobre asociacións, sobre currículo e acceso ao primeiro emprego e de seguridade vial.

* Coa proposta **OS DEMAIS NECESÍTANTE, SOLIDARÍZATE**, promócionanse cursos de voluntariado a través do contacto con distintas ONG.

* **MOVIDA SEGURA: VOA NA NOITE CO BUS NOCTURNO**, para a que cómpre dispoñer de autobuses urbanos, e na que cabe a posibilidade mesmo de realizar actuacións no autobús.

Segundo indicou D. Xosé Leira López-Vizoso ao falar da xuventude e da ocupación do tempo de ocio, non podemos esquecer as persoas adolescentes procedentes de familias inmigrantes ou descendentes de persoas emigrantes retornadas. Sinalou ademais que, ao igual que o fai Miguel Clemente, profesor da Universidade da Coruña, considera que quizais creamos unha sociedade con demasiados problemas sociais axecendo e atacando aos nosos nenos e nenas e aos

mozos e ás mozas. Quizais isto non sexa excesivamente xusto e quizais se deba a que algúns sectores da poboación converteron as persoas adolescentes e a xuventude nun grande negocio.

Finalmente, non houbo ningunha pregunta por parte do alumnado, mais amosou moita atención e interese, sobre todo polas alternativas que o relator expuxo. Cómpre dicir que o alumnado ten moito máis interese fundamentalmente en actividades relacionadas co deporte.

Nesta xornada, a excelente exposición do conferenciante serviu para aprendermos e para reflexionar sobre as actividades ás que a mocidade dedica o tempo de lecer e contrastar aquelas outras posibilidades que existen. Ademais serviu para traballar o tema na aula e concienciar ao alumnado así como para espertar unha actitude crítica construtiva. É importante que o alumnado reflexione sobre o tema de maneira individual e colectiva, e para iso precisa tamén documentarse e comprobar datos reais. Cómpre que a mocidade saiba o que lle vén ben e o que precisa cada persoa como individuo e como parte dun grupo no seu tempo de lecer, cadaquén contribúe para facilitarlle ao grupo algo importante: a súa propia personalidade e a súa conduta; por iso, se cadaquén achega o mellor ao grupo, a súa influencia pode servir de estímulo a outros colectivos.

Reportaxe coordinada por María Xosé Castro López. Enquisa realizada por Daniel Calvo Díaz e Sara Sánchez Pita 4º da ESO.



Artigos

O Tíbet, un territorio con historia



O Tíbet é un territorio do Himalaia moi coñecido pola invasión china, pero, cal é o seu pasado?

O Estado tibetano apareceu no século VII coa chegada da monarquía, que estableceu a súa capital na cidade de Lhasa, neste territorio.

No século VIII desenvólvense os mosteiros budistas e forman a base do réxime feudal, mais as disensións no seo do clero facilitan a penetración dos mongois, os que, xa donos dunha parte da China, obteñen a soberanía sobre o Tíbet no sec. XII. Nesta época xorde o Dalai Lama, xefe relixioso e temporal do país.

En 1720, o Tíbet convértese en estado vasalo dos emperadores da dinastía

manchú. En 1904, unha expedición militar británica chega a Lhasa, co que Gran Bretaña se atribúe privilexos comerciais no Tíbet, que serán recoñecidos dous anos máis tarde polo emperador en contrapartida polo mantemento da súa soberanía sobre o país. En 1908 retíranse os británicos e, en 1910, o Dalai Lama é destituído polos chineses, xusto antes da queda do imperio no 1911. Atopa refuxio na India, antes de voltar a Lhasa en 1912. En 1924, o Panchen Lama, que conservara o seu poder no Tíbet oriental, é obrigado a se refuxiar en Nankin. En 1929, a China acepta recoñecer a autoridade do Dalai Lama, mais obtén certas vantaxes en troques.

En 1949, o Exército Popular de Liberación invade o Tíbet, que se converte nunha provincia da China, oficialmente gobernada polo Dalai Lama e o Panchen Lama.

No 1958 os autonomistas tibetanos opóñense ao poder central. O Dalai La-

ma refúxiase na India con 100 000 fieis, e forma un goberno no exilio en 1959. No Tíbet, o Panchen Llama dirixe o goberno, antes de ser destituído en 1965.

Os chineses impoñen no 1961 a colectivización da economía tibetana. En 1966, a revolución cultural tradúcese en represión antibudista e de numerosos vestixios do pasado e da influencia relixiosa sobre os tibetanos, que son destruídos polos Gardas Vermellos.

Os tibetanos no exilio e os que están no seu país quéixanse a miúdo dunha perda da cultura propia e do feito de que numerosos chineses *han*, a etnia maioritaria da China, veñan a se instalar dentro do seu país.

Miguel de Nicolás Vázquez (1ºB-BA)




Os perigos da rede



esquecín, de feito, seguramente, a maioría non mintan, pero hai unha pequena parte que seguramente sexa impostora. Nos anos que levo usando o msn, admitín xente de todo tipo: dende un marroquí cun negocio de importación de droga a través do estreito ata un descoñecido que me mandaba virus.

Se algo teño claro é que hai que andar con moito ollo cando naveguemos pola rede; cousas que a simple vista nos parezan inocentes poden ser empregadas por xente con poucos escrúpulos para sacar cartos. Por exemplo, se nos sacamos unha foto na praia e a colgamos na rede, é bastante probable que acabe nas


Cantas veces admitimos a alguén que non sabemos quen é? Cantas veces deixamos o noso correo colgado en lugares como webs e foros? Canta xente ten acceso ás nosos fotos, xa sexa polo espazo, metro, badoo, foto, sexyono ou outro portal que escollamos? Canta xente pode ler as nosas vidas día a día e saber moitas cousas que non nos gustaría que soubesen na casa?



grazas ao vídeo que esta colgou no youtube, pois, aínda que vos pode parecer difícil obter a dirección da persoa que publicou algo na rede, non o é, calquera hacker é quen de facelo en escasamente dous minutos. Ocorre o mesmo coa información que colgamos nos metros. Se, por exemplo, colgamos as fotos da borracheira da finde baixo o título, eu que sei, "Sara e Pepita no botellón de Pontedeume", non sería de estrañar que chegase aos oídos dos nosos pais, pois, tal vez, se buscan en google "Sara e Pepita Pontedeume", apareza a foto da soada esmorga xunto cos comentarios dos vosos amigos.

se vedes que vos insulta alguén, borrade o comentario, e se é un usuario rexistrado, bloqueádeo sen máis. Xa bastante violencia hai no mundo coma para que agora nos pelexemos porque fulano nos puxo unha parvada no metro.

Son rubia, mido un 1,80, peso 70 Kilos, teño 18 anos e chámome Pamela



Oh Pamela, o meu musculado torso treme de desexo

Penso que se respondedes estas preguntas, a maioría chegaredes a unha conclusión doada de ver: a internet estamos a restar intimidade. Eu, por exemplo, teño admitidas no msn unhas duascenas persoas. Unha oitava parte delas non as vin na vida. Poida que sexan o que din ser: rapazas que me queren coñecer e amigos dos que xa me

mans dun pervertido que a use para sacar cartos nunha páxina porno; se aínda por enriba as fotos son de menores, ese pervertido pode gañar moitos cartos, pero o que está a facer é un delito.

Tamén deixamos na rede moitos máis datos dos que deberíamos deixar. A min faime graza sobre todo cando a policía detén a unha persoa

Sinceramente, a min tanto me ten o que colguedes ou non, de feito eu teño metro, só vos digo que teñades coidado e que colguedes só o que non vos importe que a xente poida ver, pois, unha vez que está na rede, pode velo todo o mundo, dende os vosos compañeiros de clase á vosa profesora, pasando, claro está, pola policía informática.

Tan só teño que dicirvos unha cousa máis: pode parecer unha chorrada, pero os metros e fotos están a provocar conflitos que ata chegan ás mans. Non sexades parvos,



Outras veces o que ocorre é que lle pasamos a alguén unha foto que logo colga na rede. Esa foto pode ser comprometida ou non. A solución ó problema é o seguinte: non pasar ese tipo de fotos e, se xa a colgaron na rede, aconséllivos que a reportedes alegando ©, *insultos* ou o que se vos ocorra.

Un saúdo a todos e a todas, e espero que vos resulte útil a información; de non ser así, perdón por vos facer ler tanto.

Felipe Vázquez Fernández. (2°C-BAC)

Comida duns, combustible doutros



Se nos preguntasen cal é a principal función do alimento, nós, como é obvio, diríamos que é a de alimentar a xente.

Se descubrísemos que un pobre consegue alimento de forma barata, dubido que se nos ocorrese comprar todo o produto que o pobre consome para satisfacer con el unha necesidade menos prioritaria, como pode ser o ocio.

Pero, aínda que o que estou a dicir é algo que todos deberíamos pensar e considerar correcto no mundo no que vivimos, corrompido polo capital, as prioridades non son as que deberan. Se podemos conseguir un mínimo beneficio comprando alimento para facer con el combustible, sen lugar a dúbidas, fáremolo; xa que, pese o que nos pese, a única prioridade que respecta a xente deste século é a de medrar social e economicamente.

Un recente exemplo de que a sociedade se atopa nun estado de decadencia, en canto á hora de respectar os valores morais, podémolo atopar en México, país no que os campesiños e o pobo

obreiro están a sufrir unha subida de prezo inustificable no seu alimento principal: a torta de millo. Todo porque en Estados Unidos necesitan millo, non para comer, senón que o empregan como alimento para o gando estabulado, moitas veces en condicións máis que deplorables, ou para facer combustible, xa que de todos é sabido que o etanol se pode conseguir a partir do millo.

Pero non temades, o Estado oficial mexicano xa tomou partido no asunto: como a xente xa non pode pagar o millo, xa que o que comía a xente agora é empregado para dar de comer ás vacas e facer combustible non contaminante, para arranxar o problema, tan só hai que darlle a volta á tortilla, e nunca mellor dito: os mexicanos poderán comer o millo destinado ao gando e á industria, desta forma non pasarán fame e os empresarios aumentarán as súas contas en Suíza.



Que é iso de que o millo é transxénico? Si, é certo, o millo importado dende Estados Unidos cara México é transxénico e de baixa calidade, de feito Greempeace xa deu a voz de alarma polo risco que conleva, pero isto fará florecer a economía norteamericana e, grazas ao etanol, tódolos empresarios poderán conducir os seus Hummers sen preocuparse pola capa de ozono. Non é unha boa solución?

Dende logo, o mundo está tolo, máis do que podemos imaxinar. Menos mal que os medios de comunicación rezan para que non nos deamos conta do que ocorre ao noso redor. Si que é certo que as clases podentes van medrando á costa da fame dos pobres, pero que isto se leve repetindo ao longo da historia, non quere dicir que sexa xusto. Se non me credes, mirade en internet, pero asegúrovos que cando investiguedes un pouco na prensa libre, acabaredes gritando contra esta e moitas máis inxustizas que, grazas á prensa do corazón, pasan desapercibidas entre o: ¡Que viva Zapata!

Felipe Vázquez Fernández (2°C-BAC)



O Ferrol que coñecemos

Cando miramos ao noso arredor, que vemos? Estes últimos anos, non se pode pasear por Ferrol sen ver calquera tipo de lixo polo chan.

Non sería a primeira vez que imos pola rúa ou no coche e vemos una persoa guindar un cigarro pola ventá do seu automóbil ou abrir a porta do propio vehículo e baleirar sen máis o cinceiro do coche á beira dun semáforo.

Tamén podemos atopar ao longo do noso traxecto múltiples regaliños que deixan os cans pola rúa, ou mellor dito, que deixan os donos dos animalíños e que non se preocupan de recollelos, nin de levar aos cans por zonas propias para que poidan facer as súas necesidades sen estragar a imaxe de calquera das rúas da nosa veciñanza.

Realmente nos preocupa tan pouco o que pense a xente que vén de fóra, de nós, os cidadáns de Ferrol?

Aínda que eses non son os únicos problemas de sucidade en Ferrol. Moitos problemas de hixiene, por dicilo dalgunha maneira, son debidos a que non temos unha depuradora na ría. Polo vis-

to, o que hai son proxectos, pero ningún destes se está levando a cabo. Precisamos unha depuradora na ría principalmente para dar unha mellor imaxe e mantela limpa; para poder bañarnos nela no verán e nas praias que forma, sen ter que preocuparnos por cousiñas que poidan aparecer flotando; tamén sería moi útil para todas aquelas persoas que viven do marisqueo, pois non terían que traballar no que agora parece un vertedoiro inundado, e, ademais, de seguro habería moita máis vida mariña.



Desembocadura do 'río-cloaca' Inxertos no Polígono da Gándara

Mais, mentres non podemos disfrutar dunha depuradora en condicións, podemos comezar axudando a manter limpa a ría e as rúas sen verter calquera lixo, que debería botarse aos colectores

e ás diversas papeleiras da cidade, sobre todo porque moitas cousas que aparecen ciscadas se poden reciclar.

Cunha pequena colaboración de todos, a cidade, a ría e o medio ferrolán en



Estado das obras da depuradora de augas residuais (EDAR) de Poriño en Abril

xeral, poderanse manter limpos ou, polo menos, non parecerá unha mancha no mapa galego, e sentirémonos máis orgullosos dos demais e de nós mesmos.

CRISTIÑA LÓPEZ JIMÉNEZ (1ºB-BAC)



Salvatore



O seu nome era Salvatore. Era un rapaz do vento, namorado sen remedio da lingua e, ó aire, botábanselle catorce invernos máis ou menos.

Tiña, como sinal, unha estrela na meixela esquerda e había por amiga a unha gaivota de hábitos nocturnos e gusto polos bares, dona de certa sorna que picaba ó mozo cando lle convíña.

Salvatore non tiña frío, nin calor. Non lle molestaba a choiva e tíña por amante... unha de tantas.

A miúdo, víaselle correndo polas rúas molladas cun periódico en galego e unha rosa de espiñas na man, que sempre o facía sangrar, só un pouquiño.

Diciáse que non tiña fogar, outros aseguraban que era un neno rico que pretendía fuxir de seus pais. Salvatore era moito máis que todo iso.

El era un fillo da terra, do mar e do vento, un animal en forma humana, ou unha chama incandescente transformada en neno.

Nunca ninguén o soubo con seguridade.

O seu corazón era grande: unha enorme catedral onde gardaba os seus amores e desventuras, paixóns e sufrimentos, recordos...

Ai Salvatore...!, quen diga que o coñeceu mente, nunca ninguén puido coñecer a Salvatore como habería que facelo... sería tan difícil...

Houbo un tempo, non hai moito, no que eu mesma estiven prendida de suspiros polo rapaz, claro que frustrada, e máis sabendo que el amaba a tantas. Foron moitas, pero cada vez era de verdade, aínda que ningunha coma o seu eterno amor que xa dixen: a Lingua.

Amábaa por riba de todo, quería por respirar, facíalle ascender as chamas do corazón.

Ai Salvatore! Que o demo me leve se non fuches o desacougo de moitas rúas e corazóns!

Dise que tomou o nome dun comerciante italiano do século XVI, que andaba perdido de amores por unha fidalguiña galega que, por suposto, non falaba unha palabra de italiano.

E o pobre home decidiuse a aprender a lingua nai da súa amada.

Non se sabe que pasou despois, non importa moito. Basta para comprender como un neno, non se sabe de onde nin quen, cunha paixón desmedida polo galego, ten un nome propio da Italia.

Do que eu sei, non había case ningunha rapaza que non soñase algunha vez con recibir unha Rosa de Salvatore. Eu só coñecín dúas afortunadas: unha era unha moza baixiña e algo regordeta, pero tan dóce coma un caramelo, e tan amable coma unha raiola de Sol cando

vai frío; a outra era fermosísima, tanto que doía mirala, un anxo de rizos escuros e ollos de mar bravo, unha beleza do demo e dos santos.

As rosas de Salvatore adoitaban aparecer ó pé das portas das casas, nas ventás, na varanda do balcón...

Quen non quería crer o que eran argumentaba cousas como que a florista pasara por aquela rúa con algunhas rosas novas para a tenda, que a veciña de arriba puxera rosas no balcón, que puidera ser calquera rapaz...


Hai quen di que Salvatore non é real, pode que teña razón; pero se así fose, como chorarían as súas amantes e namoradas!, pobre choiva!, pobre lingua galega!, pobre vento, que non ten o seu fillo!

Está envolto na néboa, é unha chama rebuldeira e incansable, unha sombra, unha silueta, un conto ou unha lenda, un artigo na prensa.

Ai Salvatore!

Rita Calvo Salgado (1ºD-BAC)





KNOCKIN' ON HEAVEN'S DOOR

Chamando nas portas do ceo, iso dicía a canción. O home do sombreiro texano e a guitarra acústica entoaba as notas coa paixón que só el sabía darlle. Tiña xa máis de sesenta veráns ás costas, pero, aínda que o seu corpo -non tan mal conservado- avellentaba cada ano, o seu espírito era o mesmo que tiña cando en 1973 compuxera a canción para a película de Patt Garret e Billy o Neno. O primeiro entraba na procura de Billy, pistola en man. Soaban as penteadas da guitarra, a voz elevándose sobre os dous actores e... cunha bala no corpo, Billy caía ó chan, inerte. Chamando nas portas do ceo. Pasou o tempo. Trinta e cinco anos despois, este tema, esta canción, unha verdadeira obra mestra, é reverenciada por unha enteira lexión de seguidores. Chamando nas portas do ceo. Grupos bos e malos, cantantes internacionalmente famosos ou case descoñecidos fixeron súa esta canción. Recordo a Axel Rose, coa súa fascinante voz, berrar unha e outra vez a frase. Chamando nas portas do ceo. Bono, o dublinés que foi nomeado Sir, tamén a interpretou. Pero sempre, no corazón de todos, Chamando nas portas deo ceo pertencerá a aquel home do sombreiro texano e a guitarra acústica.

ESCURIDADE

Non me gusta a escuridade. Cérnese sobre min como unha especie de voitre, axexando presa fresca, recién rexeitada polos leóns. Na escuridade non hai ningún. Só está un mesmo. Quizais é por iso polo que me aterra tanto. A soidade. Estamos feitos os seres humanos para a soidade? Non, fuximos dela como da morte. Anhelamos alguén coma nós, preto. Precisamos desa calor que só poden proporcionarnos outros humanos. Recordamos cando a nosa nai nos collía no colo, alá na infancia; cando demos o primeiro e inseguro bico á nosa primeira noiva... Nesos momentos tiñamos a alguén ó noso carón. Sentíamos a súa calor, o seu afecto. Pero na escuridade non hai nada así. Nese burato, nese vórtice escuro, só está o dragón de lenda que devora luz, felicidade e esperanzas. Esta última reside no corazón da xente, pero o voraz depredador, a vasta fera, morde á esperanza cos seus negros dentes, esnaquizándoa como se esnaquizan as flores que pisamos ó camiñar polo campo. O escuro dragón sempre destrúe a esperanza. A perversa sombra inúndao todo. Non deixa recuncho sen levar a infelicidade, a tristeza e a morte. A escuridade é sinónimo de morte. Perigos innomeables vixiánnos dende canellas sen farois, onde toda a escoria se arremuñía, como atraída ata ese lugar. Sombras. Sombras que nos perseguen, que veñen tras de nós. Escondámonos baixo as sabas da cama, como fan os nenos. Pero no fondo sabemos que esas sombras, toda esa escuridade segue aí. A resposta final é que as sombras nunca marcharán, sempre virán connosco. A escuridade está implícita na luz, así como a morte na vida. Un débil equilibrio entre o Ben e o Mal que non debe romperse, ou caeremos no Caos.

O ANHELANTE

Desexábao con todas as súas forzas: máis poder, máis diñeiro, máis recoñecemento. Tiña unha enorme mansión; tiña un deportivo vermello; tiña un precioso iate; tiña cartos, moitos cartos; tiña mulleres, as mulleres máis fermosas do planeta estaban con el, unha cada noite. Pero, pese a todo, nunca cesaba de adquirir máis e máis. Sempre quería aumentar o seu capital, mellorar a mansión, mercar outro auto. Nunca tiña dábondo. Coas súas mans abarcaba todo o mundo. Materialismo. El endexamais pronunciou esa palabra. El era esa palabra. A súa voráxine de desexos atrapaba os demais inexorablemente, facíao coma el: anhelantes, desexosos de mais e mais; mais cartos, mais sexo, máis posesións. Ese home, a pesares da súa mansión, tiña unha morea de casas, tantas como persoas no mundo. Aloxábase nun pequeno recuncho no corazón dunha persoa calquera; dende alí, pese a non estar como no seu palacio, podía seguir adquirindo, seguir mercando. Nunca se esgotará o seu afán. El era o anhelante, e todos temos un pouco del.

Hadrián Díaz Fabuena

(1°C-BAC)



PASATEMPOS


1- Segue a serie :



3- Coloca os seguintes números segundo corresponda :

- 1,2,3,4,5,6,7 e 8
- 1-4
- 2-5
- 3-2
- 4-8

5- Atopa os 7 erros:



2- Continúa a serie numérica:

1, 4, 9, 16, 25, 36, 49,
.....

4- Atope 8 palabras relacionadas coa música

A	F	K	L	M	N	M	S	E	R
G	N	U	M	A	I	O	R	R	K
S	U	H	S	H	E	U	F	S	L
A	P	I	X	M	M	M	S	T	P
L	B	A	T	P	R	I	M	I	M
C	A	N	T	A	N	T	E	D	M
H	T	G	E	N	U	A	A	A	O
S	E	S	N	M	I	R	M	H	M
R	R	R	O	L	G	A	A	N	I
A	I	A	R	U	K	R	V	P	P
J	A	N	S	D	A	P	N	O	R
A	K	T	O	N	M	S	M	I	A
R	J	R	P	O	S	F	P	L	T
E	M	I	C	R	O	F	O	N	O
D	U	B	L	A	P	N	U	M	K
N	S	E	D	N	R	O	N	I	L
A	I	A	D	H	A	T	U	G	H
D	C	T	H	M	N	B	K	M	O
S	A	B	I	U	O	D	S	F	I

6- Fai o Sudoku. Nivel: fácil

			2	3	8			1
			7	6			5	2
2							7	9
	2		1	5	7	9	3	4
		3				1		
9	1	7	3	8	4			2
1	8							6
7	3		6		1			
6		5	8		9			

Solución:
Se divides a figura a metade, poderás observar que son números de 1 ó 5 pegados, pero inversos. Así o seguinte sería ∞
Os números son cadrados perfectos ordenados: 1x1; 2x2; 3x3 ...
Os números están ordenados polo seu nome, alfabeticamente.

.....

ÚLTIMA HORA!

O noso correspondente Pery Hodico dende San Caetano infórmanos de que no próximo mes de xullo todo o profesorado do Instituto Sofia Casanova terá que participar no curso "Didáctica do xiz" no CE-FORE de Ferrol, cunha duración aproximada de 400 horas, en horario de comercio.

Aínda que o programa está sen concretar, as fontes que manexa o noso diligente correspondente apuntan a que o curso podería ter o seguinte programa:

A.-OBXECTIVOS DO CURSO

- * que o profesor distinga axeitadamente o xiz do encerado
- * que o manexa con soltura, tendo coidado de que no rompa
- * que procure non mancharse
- * que sinta este elemento como un instrumento de primeira orde pedagóxica

B.-CONTIDOS DO CURSO

1ª UNIDADE DIDÁCTICA

- * O xiz e as súas orixes
- * O pizarrín
- * O Cid e a Tizona

2ª UNIDADE DIDÁCTICA:

- * O correcto uso do xiz

- * A man e a presión óptima
- * O ángulo de incidencia
- * O porta-xiz: vantaxes e inconvenientes

3ª UNIDADE DIDÁCTICA:

- * O encerado como soporte básico
- * O encerado na Unión Europea
- * O encerado: mantemento axeitado e limpeza óptima

4ª UNIDADE DIDÁCTICA:

- * O alumno e o xiz
- * Técnicas de borrar o encerado
- * Ti, vai por xiz!
- * O uso do xiz no cambio de clase

5ª UNIDADE DIDÁCTICA:

- * O futuro do xiz
- * Reforma educativa e xiz
- * O xiz de color nun mundo gris
- * O xiz electrónico e as TIC's
- * A experiencia de Yesosville

Até o momento, o noso correspondente non puido concretar máis datos, pero seguiremos informando.

PLANETA LINGUA: onde está a noticia!

Pery Hodico